


Importante sentenza sobre despido por absentismo de persoas con discapacidade

31 de xaneiro de 2018

O TXUE ditou unha importante Sentenza (asunto C-270/16, Salga 3ª, 18-1-2018) sobre o caso dun traballador español con Discapacidade despedido por faltas de asistencia deste ao traballo, aínda xustificadas pero intermitentes, consecuencia de enfermidades atribuíbles á discapacidade dese traballador. O TXUE establece que "a **Directiva 2000/78/CE** do Consello, do 27 de novembro de 2000, relativa ao establecemento dun marco xeral para a igualdade de trato no emprego e a ocupación, debe interpretarse no sentido de que **se opón a unha normativa nacional que permite ao empresario despedir a un traballador debido ás faltas de asistencia deste ao traballo, aínda xustificadas pero intermitentes, cando tales ausencias sexan consecuencia de enfermidades atribuíbles á discapacidade dese traballador.**"



O TXUE recoñece, na súa Sentenza, o seguinte: "Debe sinalarse a este respecto que un traballador discapacitado está, en principio, máis exposto ao risco de que se lle aplique o artigo 52, letra d), do Estatuto dos Traballadores que un traballador sen discapacidade. En efecto, en comparación cun traballador sen discapacidade, un traballador



discapacitado está exposto ao risco adicional de estar de baixa por unha enfermidade relacionada coa súa discapacidade. Deste xeito, corre un maior risco de acumular días de baixa por enfermidade e, por tanto, de alcanzar os

límites previstos no artigo 52, letra d), do Estatuto dos Traballadores. Por tanto, queda de manifesto que a **regra establecida nesta disposición pode desfavorecer aos traballadores con discapacidade e, deste**

xeito, supoñer unha diferenza de trato indirecta por motivos de discapacidade no sentido do artigo 2, apartado 2, letra b), da Directiva 2000/78 (véxase, neste sentido, a sentenza do 11 de abril de 2013, HK Danmark, C-335/11 e C-337/11, EU: C:2013:222, apartado 76).” Durante o Xuízo, o propio Goberno de España viuse obrigado a recoñecer “que, precisamente, os traballadores con discapacidade poden atoparse habitualmente nalgún destes supostos, nese caso as ausencias atribuíbles á discapacidade non se computarán a efectos dun despedimento por faltas de asistencia intermitentes ao traballo.”

CONCLUSIÓN: AS AUSENCIAS XUSTIFICADAS NO TRABALLO, ATRIBUÍBLES A UNHA DISCAPACIDADE, NON SE PODEN COMPUTAR A EFECTOS DUN DESPEDIMENTO POR FALTAS DE ASISTENCIA AO TRABALLO.

Xuntos podemos máis

SINDICATO NACIONAL DE ENSINO PRIVADO

Pontevedra

Pasantería 1, 1º
Telf 986 858 413
pontevedra@feteugtgalicia.es

Arousa

Rúa Castelao 22, Baixo
Telf. 986 511 213
arousa@feteugtgalicia.es

Vigo

García Barbón 67
Telf 886 132 759
vigo@feteugtgalicia.es

Lugo

Ronda da Muralla 58, 1º
Telf 982 221 854
lugo@feteugtgalicia.es

Ourense

Parque San Lázaro 12, 1º
Telf. 988 237 790
ourense@feteugtgalicia.es

A Coruña

Avda. Fernández Latorre 27, 3º
Telf 981 24 84 71
acoruna@feteugtgalicia.es

Santiago

Miguel Ferro Caaveiro 12, 1º
Telf: 981 573 634
compostela@feteugtgalicia.es

Ferrol

Rúa do Carme 43-45, 2º
981 359 131
ferrol@feteugtgalicia.es